

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VIMIANZO
Edificio	Igrexa de San Miguel de Treos
Dirección	Lugar de Quintáns, 2. 15126
	43.088213180644004 -8.967770312176174
Protección	
Descrición	<p>A igrexa de San Miguel de Treos presenta planta de cruz latina co presbiterio de planta cadrada. Está cuberta por unha bóveda de canón e sostida por dous arcos que descansan sobre columnas.</p> <p>Presenta unha soa nave dividida en tres tramos separados por arcos. Ademais, un grande arco triunfal formado por arquivoltas tóricas comunica a ábsida directamente coa nave. Dúas capelas de planta cadrada apegadas ós muros norte e sur converten a planta desta igrexa nunha planta de cruz latina.</p> <p>No ano 1813 o templo reformouse engadíndolle a actual fachada, de traza moi sinxela, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta alintelada e con molduras e que ten unha cornixa no ancho da portada. Sobre o ingreso vai unha xanela cadrada moldurada e sobre esta un van octogonal onde vai posto hoxe en día un altofalante. Todo este esquema da fachada de forma pentagonal remata cunha cornixa que vai coroada por unha cruz de pedra e flanqueada por pináculos redondeados e piramidais. A mediados do século XX, concretamente nos anos 1956 e 1957, levántase a torre, apegada ó muro sur.</p> <p>O retablo maior é de trazado neoclásico aínda que a súa decoración revela pervivencias dos estilos anteriores. Nel o crucificado é unha talla barroca do 1797.</p> <p>Ó exterior os canzorros da ábsida e dos muros da nave engaden interese a este conxunto.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	5
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	18-12-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Campá menor (1)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1919	67	174

Torre-campanario	Campá maior (2)	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1919	76	254
------------------	---------------------------------	---	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de San Miguel de Treos - VIMIANZO \(GALICIA\)](#)

PDF (12-06-2026)